



## Concello de Outeiro de Rei

### ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 6 DE MAIO DE 2022

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día seis de maio de dous mil vintedous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D<sup>a</sup> Begoña Seco Varela; D. José Yebra Amorín; D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D<sup>a</sup> Elvira Lombao Vila; D<sup>a</sup> Rita Castedo Meilán e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

O Alcalde disculpa a asistencia do concelleiro Jesús Fernández García.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2022**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 18 de febreiro de 2022.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **2-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE O PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVADA DA INVASIÓN DE UCRAÍNA.**

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio asume a defensa da seguinte moción do seguinte teor literal:

*“M<sup>a</sup> del Carmen Acacio López, concelleira do Grupo Municipal dos Socialistas de Outeiro de Rei de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN sobre o PLAN URXENTE DE MEDIDAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DE GALICIA DIANTE DA CRISE DERIVADA POLA INVASIÓN DE UCRAÍNA*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*





## Concello de Outeiro de Rei

---

O PSdeG-PSOE vén de presentar un Plan urxente de medidas económicas e sociais. Trátase dun decálogo de medidas co obxectivo de facer fronte á situación de emerxencia derivada da guerra de Ucraína e axudar a paliar as súas consecuencias, sobre todo ás persoas e sectores máis afectados e ás persoas en situación de vulnerabilidade. O custo da electricidade, do combustible e de materia prima de determinados produtos descontrolouse porque Rusia é un dos principais provedores de gas e petróleo para Europa, mentres que Ucraína é un dos principais produtores de cereais e aceite de xirasol. Se a este contexto se suman os efectos negativos de dous anos de pandemia, aparece un horizonte escuro para a economía da que ameaza a ansiada recuperación económica. Cómpre, polo tanto, actuar de maneira urxente, e, para iso, preséntanse as seguintes medidas:

1. *Redución das peaxes das autoestradas de titularidade autonómica. Baixada das tarifas nun 75% para os profesionais do transporte e nun 50% para o resto dos usuarios. Impulsar que o Goberno de España negocie coas concesionarias, nomeadamente a da AP-9, unha baixada similar nas autoestradas de titularidade estatal.*
2. *Rebaixa nas taxas da ITV (competencia da Xunta de Galicia). Redución das tarifas da inspección técnica de vehículos nun 75% para os profesionais do transporte e nun 50% de media, con carácter progresivo, para o resto dos usuarios.*
3. *Plan de axudas dirixidas a autónomos e profesionais para compensar o aumento de custes do transporte. Posta en marcha dunha liña de axudas urxentes para axudar a costear a alza dos combustibles nos sectores da pesca, da agricultura e a gandería.*

*Colaborar co Goberno de España para rebaixar a imposición sobre hidrocarburos, ben mediante a actuación sobre o Imposto Especial de Hidrocarburos, ben mediante a aplicación dun IVE a tipo reducido.*

4. *Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible desvincular o prezo da enerxía eléctrica para familias e empresas do prezo do gas, facendo posible unha rebaixa significativa do custe da electricidade, así como demandar a redución das peaxes na rede eléctrica e de gas.*
5. *Identificación e impulso legislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética a baixo custe tanto para ámbito doméstico como para o aprovisionamento industrial.*

*Impulsar desde a propia Administración autonómica un instrumento financeiro de participación e liderado no desenvolvemento de proxectos estratéxicos.*





## Concello de Outeiro de Rei

---

6. *Redución das tarifas portuarias nun 75% tanto no que se refire a Portos de interese xeral como aos xestionados pola Xunta de Galicia.*
7. *Modificar os Orzamentos da Xunta de Galicia para aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables, triplicando a partida orzamentaria dedicada ao bono social eléctrico, pasando de 1,9 a 6 millóns de euros, o que permitía incrementar de 5.000 a 15.000 o número de familias vulnerables beneficiarias.*
8. *Reformulación da Tarxeta Básica da Xunta coa finalidade de incorporar nesta prestación ás familias de persoas refuxiadas procedentes de Ucraína.*
9. *Demandar da Xunta unha redución no tramo autonómico do IRPF para aquelas persoas non obrigadas a presentar a declaración da renda, pero cuxos ingresos si están suxeitos a retención e negociar co Estado unha rebaixa paralela.*
10. *Que a Xunta, a través do IGAPE, habilite un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína. Colaborar coa rede exterior na identificación de novos mercados para o aprovisionamento de cereais e outras producións que poden ver interrompido o subministro a causa da guerra.*

*Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación de Outeiro de Rei a adoptar os seguintes acordos:*

*A Corporación Municipal de Outeiro de Rei:*

1. *Insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha as medidas que son da súa competencia:*
  - *Redución das peaxes das autoestradas da titularidade autonómica.*
  - *Rebaixa nas taxas da ITV.*
  - *Impulso legislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os proxectos estratéxicos dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética.*
  - *Redución das tarifas portuarias nun 75%.*
  - *Aprobar un plan social de axudas ás familias máis vulnerables.*
  - *Reformulación da Tarxeta Básica da Xunta.*
  - *Redución no tramo autonómico do IRPF.*
  - *Habilitar un fondo de avais e de liquidez que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína.*
2. *Insta ao Goberno do Estado a adoptar as seguintes medidas da súa competencia:*
  - *Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible unha rebaixa significativa do custe da electricidade.*





## Concello de Outeiro de Rei

---

- *Redución das tarifas portuarias nun 75%.*
- *Rebaixar a imposición sobre hidrocarburos.*
- *Impulsar unha baixada nas autoestradas de titularidade estatal, nomeadamente a da AP-9“.*

Rematada a defensa da moción fai uso da súa palabra o concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro, afirmando que para eles é un pleno complicado, xa que presentaron unha moción que non foi incorporada ao orde do día, a pesares da representación veciñal implícita no seu mandato.

Non quere que a compañeira do PSdG-PSOE se sinta para nada agraviada. Parecelle ben que traiga esta moción ou calquera outra, pero non lles parece normal que se inclúa na orde do día unha moción onde se trata de falar da guerra de Ucraína e as súas consecuencias económicas e que o Goberno do Estado e o da Xunta tería que facer e non se lles permita ao BNG debater unha moción onde se pide que este pleno inste ao Goberno municipal a que cumpra a lei de transparencia e bo goberno.

Non entende que non se poida tratar no Pleno de este concello o feito de que no Portal de Transparencia non figuren a lista de vehículos oficiais do concello dende o 2016 ou as dietas que cobran cada ano os Srs. Concelleiros. Non entenden como se pode facer este atentado ao normal funcionamento de unha institución democrática. A única explicación é intentar silenciar as propostas do BNG e que a cidadanía non saiba o que o BNG propón pero asegura que seguirán insistindo nas súas propostas.

Non van a entrar no fondo da moción do PSdG-PSOE, simplemente vanse a abster.

O Alcalde resposta ao BNG que acaba de facer o que acostuman, que non é senón terxirversar. De feito, acaban de facer unha intervención fora da orde do día e que nada ten que ver co asunto que estamos a tratar sen que ninguén lle interrompise. E recorda que este pleno – e tamén a súa intervención- está sendo gravado e difundido por internet, tal é o grao de transparencia de este Goberno.

O Alcalde resposta á concelleira do PSdG-PSOE que hai que ter bastante valor para neste momento presentar unha moción deste tipo. Poderíase aprobar a moción se elimina o primeiro apartado.

Ahora resulta que hai unha guerra no este de Europa e todos os males que ten este país derivan desa guerra como a subida de prezos ou a inflación, que está en dous díxitos neste país a diferenza dos restantes países de Europa.

Propón unha rebaixa nos impostos dos hidrocarburos, rebaixa que que sería o primeiro que debería haber feito este Goberno, xa que con unha inflación do 10 % a recadación de todos os impostos están subindo nun 10 %, como mínimo.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Hai que ter valentía para traer a un concello unha moción para pedirlle á Xunta medidas cando dende o Goberno Central de España hai unha cantidade inxente de cartos e nin as CCAA nin os concellos saben nada de cómo serán empregados.

O que está sucedendo non é todo consecuencia da guerra. É consecuencia das políticas que está facendo o Goberno de España, coma en materia enerxética.

Xa se viu o que pasou en Lugo. A día de hoxe a empresa máis importante que ten esta provincia está pechada por unha decisión do Goberno de España. E o mesmo en As Pontes, xa que o Goberno de España o primeiro que fixo foi decidir pechar tódalas prantas de carbón sen garantir un suministro alternativo. As consecuencias de esta decisión a estamos a sufrir hoxe todos.

Non provoque o incendio e despois pretenda que o apaguen os demais.

Cando o PSdG-PSOE estaba na oposición e o PP gobernaba e subiu o megavatio de trinta a corenta euros e o PSOE alegaba que era insostible. Agora está a cento e pico euros e din que está barato xa que fai uns meses estivo a cincocentos euros.

Pode aceptarse a segunda parte da moción se a concelleira do PSdG-PSOE o considera oportuno.

A concelleira do PSdG-PSOE dille ao Alcalde que tamén hai que votarlle moito valor para sempre votarlle a culpa de todos os males ao Goberno Central. Ten que recordar que o Estado de alarma tamén foi aprobado por vostedes no Parlamento.

O Alcalde contéstalle que non votaron todos os Estados de alarma, votaron o primeiro. Non votaron o último que debeu durar como seis meses a pesares de que a lei dicía que cada quince días había que pasar polo Congreso e non se pasou. E sobre todo, dícese que non porque hai unha sentenza do Tribunal Constitucional que di que é inconstitucional e non se viu dimitir a ningún Ministro nin responsable do Goberno. Que dirían se a situación fose ao revés e sucederá co Partido Popular.

O Alcalde preguntalle á concelleira do PSdG-PSOE se modifica a moción. A concelleira do PsdG-PSOE rexeita modificar a moción.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción queda rexeitada con un voto a favor da concelleira do PsdG-PSOE; oito votos en contra dos concelleiros do PP e tres abstencións dos concelleiros do BNG.





## Concello de Outeiro de Rei

### **3-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA APROBAR UN PLAN COMPLEMENTARIO E DE APOIO AOS CONCELLOS ANTE O INCREMENTO DO GASTO CORRENTE PROVOCADO POLO PREZO DA LUZ, DOS CONSUMIBLES E DO SUMINISTRO ELÉCTRICO.**

O Alcalde inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

*“José Pardo Lombao, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte*

*MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA APROBAR UN PLAN COMPLEMENTARIO E DE APOIO AOS CONCELLOS ANTE O INCREMENTO DO GASTO CORRENTE PROVOCADO POLO PREZO DA LUZ, DOS COMBUSTIBLES E DO SUBMISTRO DE MATERIAIS*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A tarifa eléctrica, que leva á alza desde hai un ano, alcanzou o pasado 8 de marzo máximos históricos de 544,98 euros/MWh, que sumado ao incremento descontrolado dos combustibles e, como consecuencia do anterior, ao aumento do prezo dos subministros e materiais para obras novas e para mantementos, están mermando as economías domésticas, a competitividade das empresas e, tamén, está asfixiando aos Concellos. As previsións máis optimistas calculan que o gasto corrente nos Concellos incrementarase de media un 40%, situación que provocará unha crise moi grande para as entidades locais.*

*Esta situación agravouse coa invasión de Rusia sobre Ucraína, que provoca unha grave crise humanitaria, e que altera de xeito importante a nosa economía.*

*Concellos pequenos da provincia, onde os orzamentos municipais xa están moi axustados, nos que en situacións normais o gasto corrente xa ocupa a parte máis importante dos ingresos, serán incapaces de asumir este aumento dos prezos. É un aumento sen control que pode provocar o peche de instalacións municipais, que se deixen de prestar servizos fundamentais para os veciños e levar as arcas municipais a situacións límites. O alumeado público, o mantemento das instalacións municipais, desde a propia casa do concello ata infraestruturas sociais, culturais ou deportivas, o mantemento das depuradoras, a recollida do lixo, as reparacións de albanelaría, mellora de camiños... son servizos de prestación directa polos concellos, afectados por este incremento dos prezos. Pero hai outros moitos que, indirectamente e pola diminución dos recursos dispoñibles, poden verse prexudicados.*

*Servizos básicos como os servizos sociais, xa afectados pola pandemia sanitaria e que, aínda sen estar resolta a situación, estase agravando aínda máis.*

*Polo tanto, este incremento do prezo da luz, do gas, dos combustibles e dos subministros están alterando a economía dos concellos, e as familias veranse afectadas dobremente, non só pola repercusión directa que estes prezos desorbitados teñen na súa cesta da compra e na súa*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*economía familiar, senón tamén porque moitos dos servizos públicos que reciben poden verse alterados.*

*Non debemos esquecer que estamos nun momento especialmente delicado, no que ademais se multiplican as axudas de emerxencia social a familias en situación de vulnerabilidade, que son incapaces de asumir o gasto eléctrico, familias que aínda están padecendo as consecuencias económicas provocadas pola crise sanitaria e que precisan axudas para alimentos, cuxo custe se está incrementando.*

*Os Concellos non deixan atrás a ningún, como así se demostraron nos últimos dous anos, e por iso é fundamental que a Deputación de Lugo faga un esforzo e colabore con eles para financiar de xeito extraordinario ese incremento do gasto corrente, de maneira que poidan destinar eses recursos para seguir cubrindo necesidades mínimas e básicas da poboación.*

*Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte PROPOSTA DE ACORDO*

*Instar a Deputación de Lugo para aprobar un plan especial para axudar os Concellos da Provincia de menos de 20.000 habitantes.*

*Instar o Goberno de España a tomar as medidas necesarias para moderar os prezos dos produtos enerxéticos e conter a inflación que está desbocada superando os dous díxitos.*

*Instar o Goberno de España para que faga chegar os Concellos pequenos algún plan de fácil acceso os fondos next generation para paliar as grandes dificultades económicas que afectan os pequenos Concellos para seguir a prestar os servizos imprescindibles, incluso os Servizos Sociais”.*

O voceiro do BNG fai uso da súa palabra dicindo que o Alcalde di que o BNG non respeta as regras do xogo, ao mellor é que quere que se diga o que quere oír, pero non están para facerlle a pelota para iso xa ten algún ao seu redor.

Impedir que un grupo poida defender con normalidade unha moción iso sí é non respetar as regras do xogo, e recorda que o seu grupo fala a décima parte do tempo que fala o Alcalde.

A lei obriga a publicar certa información e este concello non a están a cumprir e traíase a moción para instar a que se cumpriran. Pedir algo que ten que facer o Goberno municipal para cumprir a lei iso é non incumplir as regras do xogo.

Di que a moción a vai a tratar como rogo. Trátase como un rogo, non se pode abrir a boca e soltar un discurso de propaganda de media hora que é o que fai. Para iso xa están os de VOX que están copiando deles e non deixan falar á xente.

Respecto á moción anuncia que os concelleiros do seu grupo van absterse.

A concelleira do PSdG-PSOE intervén dicindo que está xogando todo o tempo coas cifras da inflación e comentan que superan os dous díxitos cando iso non é certo. A inflación en abril







## Concello de Outeiro de Rei

---

está en 8,4% o cal non quere dicir que este alta, está moi alta. E a inflación acumulada no 2022 está en 3,3%. Hai que falar as cousas con propiedade.

Chámalle a atención que na moción o PP están apropiándose de lemas propios do partido socialista, coma a expresión de “non deixar atrás a ninguén”.

Plantéxase qué leximatización ten o PP para chegar a pedir á Deputación e ao Goberno de España uns esforzos extras que nunca lle pediron á Xunta de Feijóo “*o ausente*”. Gustaríalle saber ónde estaban os alcaldes do PP cando estando confinados e logo en pleno proceso de pandemia nos seus momentos máis problemáticos o Goberno da Xunta non lles daba aos concellos nin un euro extra para facerlle fronte. Queixáronse algunha vez cando a Xunta deixaba sen gastar máis de 200 millóns de euros de axudas para facer fronte á Covid pero cargaba aos concellos con gastos extra?, E cando a Xunta privou aos autónomos e ás PEMES de 70 millóns de euros dos fondos dos terceiro e cuarto rescate porque non foron quen de tramitalos?.

É moi gracioso o que presentan hoxe con esta moción, por chamalo de algún xeito, xa que solicitan nesta moción e solicitaron no pleno da Deputación do pasado 29 de marzo máis fondos para os Concellos namentres calan cando a Xunta carga sobre eles o custo das infraestruturas necesarias para desenvolver a telefonía móvil.

Ten que dicir que o Estado xa ofrece medidas para esta finalidade como, por exemplo, achegas por un importe de 16 millóns de euros, dos cales 6 millóns de euros son axudas directas e 10 millóns de euros en créditos ICO.

Como lles dixo ben claro a deputada provincial Pilar García Porto no pleno provincial, na Xunta reduciron os créditos do plan para que os concellos arranxaran as comunicación nun 50 %, e a Xunta recibiu fondos extraordinarios para loitar contra a crise da Covid pero deixou sen executar ese 50 % de fondos de IGAPE, devolveu fondos europeos, de vivenda, de Covid ou de emprego; e logo, veñen pedindo.

Esto é unha moción sen unha base seria, polo que é imposible aceptala.

O Alcalde resposta ao concelleiro do BNG que volve a falar de algo que non está na orde do día. As regras do xogo en todas as administracións serias é que en cada punto se debate sobre a proposta incluída en dito punto e, de feito, en algunhas administración que dirixen vostedes se se desvia un mínimo retírase a palabra. Aquí non se fai iso. Déixalle falar e, de feito, por dúas veces defendeu unha moción a pesares de non tratarse no punto da orde do día. Iso é non respetar as regras de funcionamento das institucións.

Di que falan menos que o alcalde. En boa lóxica parece lóxico en consideración da representatividade de cada grupo. En algunhas administración ademáis de falar o portavoz do equipo de goberno ademáis fala o presidente ou alcalde. Tamén din que cos rogos non poden abrir a boca. É mentira, permiteselles que expuxoñan o seu rogo.







## Concello de Outeiro de Rei

---

O Alcalde responsta á concelleira do PSdG-PSOE que teñen a lexitimación para presentar esta moción que lles deron os veciños neste concello. E recorda que a Deputación de Lugo como administración ten a obriga legal de auxiliar aos concellos pequenos no exercizo das súas competencias, que neste casao se trata de asumir eses custos elevados que, de repente pola falta dun Goberno serio en España, estamos a soportar.

Os fondos Next Generation eran adecuados para adicalos para deixar cuberta toda a zona rural xa que a zona urbana é moito máis fácil para as empresas porque teñen máis rendabilidade. O Goberno de España ten que facer que chegue internet, a fibra óptica e cobertura de móvil en todo o rural sexa o concello da cor que sexa.

Non se sabe o que ten pensado facer o Goberno de España cos fondos europeos. Non sei se o que quere facer é como fixo cos ERTES de Andalucía.

Si realmente teñen interese en defender os intereses dos veciños deste concello deberían replantearse votar a favor desta moción.

Sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción queda aprobada con oito votos a favor dos concelleiros do PP; un voto en contra da concelleira do PSdG-PSOE e tres abstencións dos concelleiros do BNG.

### 4-ASUNTOS DE URXENCIA

No presente punto trátase a moción presentada polo grupo municipal do BNG do seguinte teor literal:

*“Xosé Ferreiro Fernández, Elvira Lombao Vila e Rita Castedo Meilán, concelleiro e concelleiras do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

**MOCIÓN DE URXENCIA RELATIVA AO CUMPRIMENTO, POR PARTE DO CONCELLO, DA NORMATIVA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS**

#### XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

*As moitas deficiencias existente no cumprimento da Lei de Transparencia e Bo Goberno por parte do Concello de Outeiro de Rei así como a necesidade de que a cidadanía teña a acceso a toda a información sobre as decisións, funcionamento e movementos económicos da*





## Concello de Outeiro de Rei

administración do concello de Outeiro fan que sexa urxente que se aprobe o chamamento ao goberno municipal que se fai nesta moción.

Ademais, dado que esta moción non aparece para o seu debate na orde do día deste pleno, a pesares de ser presentada en tempo e forma para que puidese ser incluída, a única forma de poder debatela e aprobalas, se fose o caso, é que se trate pola vía de urxencia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 2.1.a da Lei estatal 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno sitúa dentro do seu ámbito de aplicación ás “entidades que integran a Administración Local”, así como organismos autónomos, entidades públicas empresariais e mesmo sociedades mercantís participadas por capital público. Isto é, os Concellos e os seus entes instrumentais deberán garantir o acceso da cidadanía á información coa finalidade de contribuír á participación nos asuntos públicos e para fiscalizar a corrección da labor executiva. Deste modo o expresa a súa Exposición de Motivos:

“Só cando a acción dos responsábeis públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio un proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”

Esta información a proporcionar debe facerse accesíbel a través “sedes electrónicas ou páxinas web e dun modo claro, estruturado e entendíbel para os interesados”, sendo ademais “comprensíbel, de acceso fácil e gratuíto e estará ao dispor das persoas con discapacidade nunha modalidade subministrada por medios ou en formatos axeitados”.

No que respecta ao tipo de información da que debe facerse publicidade activa, a norma recolle tres categorías principais: información institucional, organizativa e de funcionamento; información de relevancia xurídica; e, por último, información económica, orzamentaria e estatística.

Así, en primeiro termo o Concello debe informar, actualizadamente, das súas funcións, estrutura organizativa e organigrama, con indicación das persoas responsábeis de cada órgano e o seu perfil e traxectoria profesional.

Ao respecto da información xurídica, é obrigado poñer ao dispor dos administrados a normativa local en vigor, os proxectos de normas en proceso de aprobación coas súas memorias e informes anexos e documentos en proceso de información pública. Por último, en relación coa información económica, a Administración vén obrigada a informar:

- De todos os contratos: con indicación do obxecto, duración e importe de licitación e adxudicación, o procedemento de celebración e identidade do adxudicatario, entre





## Concello de Outeiro de Rei

---

outros

elementos.

- *Relación de convenios subscritos, con mención ás partes, prazo de duración e obrigas económicas, entre outros campos*
- *Subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación de importe, obxectivo, finalidade e beneficiarios*
- *Contas anuais e informes de auditoría de contas*
- *Retribucións anuais de altos cartos, así como indemnizacións percibidas*
- *Resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade dos empregados públicos*
- *Declaracións anuais de bens e actividades de representantes locais.*

*A aplicación da normativa de Transparencia a Administracións Locais tiña como período límite de aplicación, en virtude da Disposición Final Novena da norma, o 10 de decembro de 2015.*

*Reforzan as obrigas de información indicadas, entre outros, os artigos 69 a 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. En concreto o seu artigo 75.7 reafirma a obriga de publicación das declaracións anuais de bens e “sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos (...) declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo”*

*Considerado o anterior, cómpre sinalar que malia as inescusábeis obrigas que aplican ao Concello de Outeiro de Rei, e que mesmo determinan a aparición de infraccións manifestas e sancionabeis da normativa de Transparencia, este evidencia dende hai anos un inmenso desleixo do bo goberno, e unha opacidade que impide por completo o control por parte da cidadanía. O Concello de Outeiro de Rei ten feito do escurantismo na xestión unha marca da casa e un trazo característico.*

*En primeiro lugar, destaca que o portal “<https://outeiroderei.transparencialocal.gob.es/>” é manifestamente deficiente e non cumpre en modo algún as obrigas sinaladas ex ante:*

- *A categoría de “Temas” aparece construída en lingua inglesa, e a meirande parte das súas sub-categorías están completamente baleiras. As que non, mostran información profundamente desactualizada (a última licitación no apartado “Hacienda” é de 2018)*
- *Na información normativa*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*([https://outeiroderei.transparencialocal.gob.es/es\\_ES/categoria/normativa](https://outeiroderei.transparencialocal.gob.es/es_ES/categoria/normativa)) a listaxe de Ordenanzas non só difire da que consta na Sede Electrónica do Concello, senón que mostra un listado desfasado e derogado.*

- *No apartado de información económica*  
*([https://outeiroderei.transparencialocal.gob.es/es\\_ES/categoria/economica](https://outeiroderei.transparencialocal.gob.es/es_ES/categoria/economica)):*
  - *A relación de vehículos oficiais fica con data de 2016*
  - *As categorías de: obras públicas, informes estatísticos, subvencións, planificación e xestión de persoal, informes de fiscalización, orzamentos, execución de orzamentos, gastos de caixa fixa, custos de campañas de publicidade, perfil do contratante e histórico de contratos públicos están baleiras e sen información dispoñíbel*
  - *A categoría “contratos” só devolve cinco resultados, ningún posterior a 2020*
- *Na información institucional:*
  - *A práctica totalidade de categorías fican baleiras (órganos colexiados, catálogo de trámites e servizos, plans de obxectivos...)*
  - *A última mención a indemnizacións por razón de servizo ten data de marzo de 2016*
  - *A última declaración de bens do Alcalde é de data de 7 de xuño de 2011*
  - *Non pode consultarse o CV de ningún empregado municipal ou membro da Corporación.*

*Tampouco hai información sobre “obsequios recibidos”, “viaxes” ou “retribucións”*

*A maior abastanza, o Concello de Outeiro de Rei non figura, por non ter servizo de transparencia e por non o ter sequera solicitado, no portal da Administración Local de Galiza, da Xunta de Galiza (<https://www.eidolocal.gal/es/transparencia>).*

*O Concello de Outeiro de Rei non se atopa adherido ao portal de transparencia da Deputación de Lugo*  
*([https://portaltransparencia.deputacionlugo.org/web/guest/concellos\\_adheridos](https://portaltransparencia.deputacionlugo.org/web/guest/concellos_adheridos)).*

*Tampouco na web principal do Concello pode atoparse información da referida anteriormente.*

*Por todo o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei sométese a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte ACORDO:*





## Concello de Outeiro de Rei

---

*Instar ao equipo de Goberno a afrontar, á maior brevidade posíbel, a íntegra e completa reforma do sistema de información activa do Concello de Outeiro de Rei, en cumprimento da normativa en vigor en materia de Transparencia e Bo Goberno”.*

O Alcalde dalle a palabra ao concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro para defender a urxencia da moción.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro expón que presentou por vía de urxencia a mesma moción que presentou por vía ordinaria sen cambiar nada precisamente porque a pesar de presentala en tempo e forma cunha semana de antelación da convocatoria deste pleno non aparecía na orde do día para o seu debate e aprobación.

Iso é o primeiro motivo porque se decidiu presentala pola vía de urxencia. É lóxicamente o propio fondo da moción, xa que son moitas as deficiencias no cumprimento da lei de transparencia e bo goberno que se da por parte do Concello de Outeiro de Rei así como a extrema necesidade que a cidadanía teña acceso a toda a información, sobre decisións, funcionamento e xestión económica da administración do concello.

A urxencia derívase da saúde democrática do concello así coma para evitar o concello que este poida incurrir en gastos derivados do incumprimento da lei (representación xurídica ante demandas por incumprimento).

A Lei esixe unha serie de actuacións que non se están a realizar, como por exemplo publicar no portal de transparencia os contratos indicando o obxecto, duración e importe da licitación e adxudicación; ou a relación de todos os convenios subscritos mencionando as partes, prazo, duración.. entre outros moitos aspectos.

O Alcalde dille que non ve a necesidade da urxencia porque o que dixo o pode dicir no rogo. Hai cousas que poderán ter con conta e correxir algunhas cousas. Como é dado a terxiversar a situación e deixar caer que se fan grandes pagos a un despacho de Coruña como se é de Ciudad Real, de Lugo ou de Outeiro de Rei se o houbera. Non hai ningún pago por temas xudiciais derivados do incumprimento da Lei de transparencia.

Os custos de publicidade si vé ben poñelos, xa que en comparación con algunhas administración que gobernan outros grupos políticos son realmente insignificantes.

Non acepta a afirmación de que o concello dispón de persoal máis que suficiente, xa que parecen afirmar que lles sobrara tempo e no tiveran que facer. Iso é mentira. O persoal do concello está a soportar unha importante carga de traballo que despachan con solvencia e permiten que o concello avance máis que algúns dos concellos xestionados por quenés presentan a moción.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Respecto a transparencia comparte a opinión de que se pode mellorar, pero estase cumprindo nun nivel adecuado e resiste perfectamente a comparación con calquer concello do seu tamaño. Non obstante, avanza neste aspecto.

Rematada o debate sobor a urxencia da moción, sométese a votación.

Realizada a votación, a urxencia da moción queda rexeitada con oito votos en contra dos concelleiros do PP, e catro votos a favor dos concelleiros do BNG e máis do PSdG-PSOE.

O Alcalde pregúntalle ao concelleiro se quere ler o seu rogo relativo ao cumprimento da Lei de transparencia por cuarta vez.

O concelleiro do BNG dille que se retire o rogo da orde do día que xa se falou da problemática no tratamento da urxencia da moción.

### 5- PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura en viva voz de preguntas presentadas do seguinte teor literal:

*Rita Castedo Meilán, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:*

**PREGUNTA REFERIDA AO DERRIBO DUNHA PORTA DE ORIXE MEDIEVAL NA VILA DE OUTEIRO DE REI**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Hai unhas semanas vimos con asombro como se derribaba unha porta de orixe medieval que había no centro da vila de Outeiro de Rei, derribo que se producía nas inmediacións de onde se están a realizar as obras do Centro de DIA.*

*O asombro aínda foi maior cando lemos e escoitamos ao señor alcalde, non só xustificar esta actuación, senón dicir que estaba programada e contaba con todos os permisos correspondentes das autoridades de Patrimonio da Xunta de Galicia. Independentemente do recorrido que esta actuación poida ter en busca dos ou das responsables deste atentado ao patrimonio histórico do noso concello, dende o Grupo Municipal do BNG facemos ante o Pleno as seguintes preguntas:*

**PREGUNTAS:**

- *En que páxina, capítulo ou apartado do proxecto de construción do Centro de DIA está contemplado o derribo de devandita porta medieval, así como a súa reconstrución?.*
- *Que foi a persoa que ordenou o seu derribo?*





## Concello de Outeiro de Rei

---

- *Quen foi o técnico de Patrimonio Histórico da Xunta de Galicia que estivo presente no derribo e etiquetado das pezas da citada porta medieval?.*
- *Cal foi o motivo de que non se precintaran e se envolveran todas as pezas no momento de desmontar a porta, tal e como marca a norma e todos os protocolos para este tipo de actuacións?*
- *Dado que o derribo da porta xa non ten remedio, onde e cando se vai a volver a reconstruír a devandita porta?.*

En resposta á primeira pregunta o Alcalde afirma que a actuación está recollida na memoria do proxecto.

En relación á segunda pregunta, resposta que o persoal que ordenou o seu derribo o fixo de acordo ca dirección de obra e por motivos técnicos.

En relación á terceira pregunta afirma que non é necesario que estivera ningún técnico de patrimonio no desmontaxe.

En resposta á cuarta pregunta informa que non é necesaria a relación das actuacións relacionadas no escrito de preguntas.

Engade que no seu momento tomouse a decisión de facer un centro de día nun sitio determinado para recuperar unha parte do patrimonio histórico do centro da vila. Os planos recreativos da fachadas estiveron expostos neste salón plenario durante varios meses e vostedes os coñecían.

O desmontaxe da porta resultou imprescindible debido o estado dos muros que ameazaban o seu derrube, e as medidas preventivas e a futura reconstrucción non se fará porque o piden nin porque fixeran unha denuncia na prensa nin en patrimonio, senón porque existía un proxecto que está en execución que prevé a súa reconstrucción.

Toda a actuación conta coa autorización de Patrimonio e conta cos informes técnicos necesarios, polo que pode estar tranquilo. Cando o centro de día esté rematado quedará todo ese edificio recuperado e unha parte do entorno do centro da vila mellorado de cara ao futuro.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e quince minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

Vº Pº; O Alcalde

